



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 30 DE XULLO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Nigrán da estrada PO-333 entre os puntos quilométricos 0 + 000 e 1 + 110 e os puntos quilométricos 1 + 200 e 1 + 760.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a concesión directa de axudas dirixidas a facilitar a liquidez de empresas concesionarias de servizos públicos de transporte regular interurbano de viaxeiros por estrada de uso xeral, por mor da perda de ingresos provocada pola emerxencia sanitaria do COVID-19, por importe de tres millóns seiscentos vinte mil cincocentos oito euros con sesenta e tres céntimos (3.620.508,63 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía, Emprego e Industria a aumentar as porcentaxes e os importes máximos dos pagamentos anticipados recollidos no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2020, por un importe de oito millóns cincocentos mil euros (8.500.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega de Innovación a realizar pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida de acordo co establecido no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

a eximir aos organismos de investigación alleos ao Sistema Universitario de Galicia da obriga de constituír garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta, así como a superación do límite do 80% nos pagamentos anticipados e á conta, de conformidade cos artigos 67.4 e 62.4, respectivamente, do citado decreto, na Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de axudas para o rescate dos proxectos de investigación galegos presentados á convocatoria de expresións de interese do ISCIII para a financiación de proxectos de investigación sobre o SARS-CoV-2 e a enfermidade covid-19 con cargo ao Fondo – covid-19, susceptible de financiamento FEDER no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega de Innovación a realizar pagamentos anticipados de ata o 65% da subvención concedida, de acordo co establecido no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta, así como a superación do límite do 80% nos pagamentos anticipados e á conta, de conformidade cos artigos 67.4 e 62.2 respectivamente do citado regulamento na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas do programa Industrias do futuro 4.0 (cuarta convocatoria) orientado a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras dentro da iniciativa Industrias 4.0-captación de investimentos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 por importe de quince millóns de euros (15.000.000,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á sinatura dun Convenio de Colaboración para o ano 2020 entre a Consellería de Política Social e Aldeas Infantiles SOS Galicia, para a execución do “Programa de apoio ao acollemento en familia extensa”. Importe: cento setenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e catro céntimos (173.353,44€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da Addenda ao convenio de colaboración entre a Fundación Juana de Vega e a Consellería do Medio Rural para a coordinación, organización e funcionamento dos grupos de traballo sobre o sector



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

lácteo creados pola Consellería e a elaboración da Estratexia de dinamización do sector lácteo galego.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a posta en marcha da aplicación Passcovid.gal como instrumento de acompañamento á xestión da crise sanitaria.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a actualización das guías para a habilitación electrónica dos procedementos administrativos do Sector Público Autonómico.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe PISA Lectura 2018.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE NIGRÁN DOS TRAMOS DA ESTRADA PO-333 QUE COINCIDEN COAS RÚAS OTERO PEDRAYO E DO MARIÑEIRO

- *Trátase de treitos da vía autonómica integrados no tecido urbano, entre os puntos quilométricos 0 e 1 + 110 e o 1 + 200 e 1 + 760*
- *Con esta transferencia o Concello asume a xestión e conservación destes tramos*
- *Nos últimos tres anos, a Xunta leva investidos máis de 3 M€ en obras que inciden na mellora da rede autonómica de estradas ao seu paso polo concello pontevedrés*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Nigrán, do tramo da estrada autonómica PO-333, entre os puntos quilométricos 0 e 1 + 110 e o 1 + 200 ao 1 + 760. Trátase da rúa Otero Pedrayo e a rúa do Mariñeiro, tramos integrados no tecido urbano deste municipio pontevedrés.

O Concello manifestou ao departamento de Infraestruturas da Xunta o seu interese por este cambio de titularidade, sendo informado favorablemente polos servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas.

A transferencia a prol do concello pontevedrés destes treitos do viario autonómico tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que debe ser aprobado mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Nigrán terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia seguirá investindo na rede autonómica de estradas ao seu paso polo concello de Nigrán. Son as vías de titularidade autonómica as que vertebran a mobilidade deste municipio e que permiten a súa conexión co exterior.

Só nos últimos tres anos, a Xunta de Galicia leva investidos máis de 3 M€ en obras que melloran a funcionalidade e a seguridade da rede autonómica de estradas ao seu paso por este concello.

Estase a realizar un importante esforzo inversor para mellorar a funcionalidade e a seguridade viaria de estradas como a PO-325, a PO-552 ou a PO-340. Máis en concreto, recentemente executáronse sendas na PO-325, na zona de Monte Lourido; na PO-552, en Priegue e nas proximidades do enlace coa AG-57; así como na PO-340, entre Gondomar e Ramallosa. Tamén se está a traballar no reforzo do firme e na mellora da seguridade viaria, coa eliminación dun treito de concentración de accidentes, na PO-552 ao seu paso por este concello.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O cambio de titularidade destes treitos da estrada PO-333 será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia.

A entrega formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O PAGAMENTO DE 3,6 MILLÓNS DE EUROS EN ANTICIPOS PARA OFRECER LIQUIDEZ AO SECTOR DO TRANSPORTE ANTE A PERDA DE INGRESOS POR MOR DA COVID-19

- *Os anticipos, que equivalen a unha media do 10% da recadación anual de cada contrato, compensarán o déficit de ingresos das concesionarias entre o 14 de marzo e o 20 de xuño, período durante o que se prolongou o estado de alarma*
- *Con esta medida a Xunta busca dar facilidades ás empresas e contribuír a paliar a situación financeira das concesións de transporte cuxo principal ingreso é a venda de billetes*
- *O Goberno galego empregará para estes anticipos fondos dispoñibles do Transporte Metropolitano, que rexistrou un importante descenso de viaxes polas restricións da mobilidade*
- *Este diñeiro será logo minorado das compensacións que lle correspondan a cada empresa dentro do Fondo covid-19 que está pendente de reparto por parte do Goberno de España*
- *O Executivo autonómico xa veu achegando liquidez nos últimos meses ao sector do transporte co pagamento de anticipos por importe de 2,4 millóns de euros correspondentes aos meses de marzo, abril, maio e xuño*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde que recolle o pagamento de 3.620.508,63 euros en anticipos ás empresas concesionarias do transporte interurbano de viaxeiros por estrada co obxectivo de ofrecer liquidez ao sector ante a perda de ingresos derivada da crise da covid-19.

Con estes anticipos, a Xunta busca dar facilidades ás empresas e contribuír a paliar a situación financeira daquelas concesións de transporte cuxo principal ingreso é a venda de billetes, atendendo á incidencia que sobre os ditos servizos tivese a minoración dos ingresos procedentes directamente das persoas usuarias.

O achegamento de liquidez que se realiza a través dos anticipos da Xunta compensarán o déficit de ingresos das concesionarias do servizo de transporte público interurbano entre o 14 de marzo e o 20 de xuño de 2020, período durante o que se prolongou o estado de alarma.

A pandemia produciu unha redución de desprazamentos da poboación que, no ámbito dos servizos públicos de transporte de competencia da Xunta, supuxeron reducións medias no volume de usuarios que acadaron niveis incluso superiores ao 95% nos momentos máis álxidos da emerxencia sanitaria, o que pode provocar dificultades de liquidez por parte das concesionarias destes servizos nas que a principal fonte de xeración de ingresos son os procedentes directamente dos usuarios.

No caso dos contratos de transporte sen compensacións de obriga de servizo público, os anticipos compensarán o 60% dos ingresos medios por vehículo/quilómetro realizado neste período e o 20% dos ingresos medios por vehículo/quilómetro non realizado,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

equivalente aos custos medios fixos asumidos polos contratistas no caso de servizos non realizados.

Para o caso dos contratos de transporte con compensacións de obriga de servizo público, aboarase o déficit de ingresos por venda de billetes naqueles contratos nos que esa venda ten un peso substancial no equilibrio da concesión.

Deste xeito, a Xunta aboará 3,62 millóns de euros en concepto de anticipos ás concesionarias de transporte, o que equivale a unha media do 10% da recadación anual de cada contrato.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, dedicará a estes anticipos os fondos dispoñibles polo descenso do uso do Transporte Metropolitano como consecuencia das restricións nos desprazamentos derivadas da declaración do estado de alarma a pagar anticipos ás empresas.

Esta achega de liquidez será tida en conta e minorada das compensacións que lle correspondan ás concesionarias do Fondo covid-19 que está pendente de reparto por parte do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e do que, segundo as informacións feitas públicas, a Galicia lle corresponderían un total de 25,3 millóns de euros.

O Executivo autonómico xa veu achegando liquidez nos últimos meses ao sector do transporte co pagamento de anticipos por importe de 2,4 millóns de euros correspondentes aos meses de marzo, abril, maio e xuño.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA APOIARÁ ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO NA CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 500 PERSOAS DESEMPREGADAS

- *Nas próximas semanas convocaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) as axudas por 8,5M€ coas que se financiará a contratación de desempregados durante 9 meses a tempo completo en preto de 170 asociacións*
- *Nesta convocatoria darase de novo prioridade ás entidades que desenvolven proxectos singulares, é dicir, as que prestan servizos a outros colectivos, contan con máis dunha área de actuación a nivel autonómico ou teñen máis de 100 traballadores*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria estima un importe medio de 50.900€ por entidade e de 16.440€ por traballador*
- *Esta iniciativa ofrece unha experiencia e práctica profesional ás persoas que contan con máis dificultades para atopar un traballo, facilitando así a súa inserción no mercado laboral*
- *O programa permitiu nas tres últimas edicións (2017-2019) contratar a 1455 desempregados*

A Xunta, na súa aposta por apoiar aos colectivos que máis dificultades teñen para atopar un emprego, destinará este ano 8,5 millóns de euros para a contratación de máis de 500 persoas desempregadas en entidades sen ánimo de lucro. A medida inscríbese nos programas que está a poñer en marcha a Administración autonómica, a través da nova Axenda de Emprego, para reducir o desemprego incrementando as oportunidades laborais dos galegos e galegas.

Deste xeito, a Consellería de Economía, Emprego e Industria convocará nas próximas semanas no Diario Oficial de Galicia (DOG) esta iniciativa coa que se financiará a contratación de desempregados durante nove meses a tempo completo en preto de 170 asociacións que estean inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais.

Nesta convocatoria, mantense a ampliación dun 3% no orzamento do programa polo que se estima que se concederá un importe medio por entidade de 50.900 euros e por traballador de 16.440 euros. Ao igual que nos dous anos anteriores, darase tamén prioridade ás entidades que desenvolven proxectos singulares, que son aquelas asociacións que prestan servizos a outros colectivos, contan con máis dunha área de actuación a nivel autonómico e teñen máis de 100 profesionais no seu cadro de persoal. Das 167 entidades beneficiarase, estímase que 37 terán proxectos singulares nas que se prevé contratar a 187 traballadores. Do global do orzamento (8,5M€) destinaranse tres millóns (35,2% do investimento) para as entidades con proxectos singulares.

Como novidade este ano, as entidades que non recibiron axudas para a contratación de persoas sen emprego nas tres últimas convocatorias contarán con máis puntuación para mellorar as súas opcións. Así mesmo, simplifícase a tramitación para facilitar a xestión

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

ás entidades. Ao respecto, facilitarase a selección das persoas desempregadas a través do portal de Emprego de Galicia mediante a publicación dun procedemento seleccionador e permitirase a selección mixta (a través das oficinas de emprego e do portal de Emprego).

Este programa permitiu nas tres últimas edicións (2017-2019) a contratación de 1455 desempregados, unha cifra que se eleva ata as 8189 contratacións desde o ano 2009.

O reto principal desta medida é, en definitiva, ofrecer unha oportunidade laboral ás persoas desempregadas, proporcionándolles unha experiencia profesional que facilite a súa inserción no mercado de traballo; e apoiar ás entidades sen ánimo de lucro que traballan con colectivos que contan con máis dificultades para atopar un emprego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA ACTIVA 18M€ EN DÚAS LIÑAS DE AXUDAS PARA REFORZAR A CIENCIA E A INNOVACIÓN E CONTRIBUÍR Á RECUPERACIÓN ECONÓMICA

- *O Consello aproba a nova convocatoria do programa Fabrica Intelixente e Sostible coa que se prevé mobilizar preto de 49M€ no eido da dixitalización e a produción sostible*
- *Este programa, posto en marcha en 2016, xa permitiu mobilizar 218M€ en 15 proxectos vinculados á automoción, as TIC, o naval, o alimentario, o forestal e a lousa*
- *Tamén se da luz verde a unha nova orde de axudas destinada á loita contra a covid-19 para financiar proxectos de investigación sobre a enfermidade e para o desenvolvemento de fármacos e vacinas eficaces, dirixido a centros de coñecemento*
- *Estas dúas liñas apostan pola I+D+i e por un novo modelo económico baseado no coñecemento como fórmulas para recuperar a actividade das nosas empresas e organismos de coñecemento, fixar tecido industrial, gañar competitividade e crear postos de traballo de calidade*

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión desta mañá, dúas novas liñas de axudas enmarcadas no Plan de reactivación económica centradas no reforzo de actividades de I+D+i en Galicia e dirixidas ás pemes e centros de coñecemento da Comunidade co obxectivo de contribuír á recuperación da economía galega a través da dixitalización, o fomento de actividades económicas sostibles e a investigación na loita contra a covid-19. Suporá un investimento conxunto de 18M€, dos que 17,4 son Fondos Feder que se suman aos 114M€ asignados á Axencia Galega de Innovación para o período 2014-2020, o que supón un incremento do 15% nestes fondos.

Por unha parte, o Consello deu luz verde á cuarta edición do programa Fábrica Intelixente e Sostible que contará cun orzamento de 15M€ e coa que se prevé mobilizar 49 millóns grazas ao efecto tractor do investimento público sobre os sectores estratéxicos galegos. As axudas, de concorrencia competitiva e que se publicarán nas vindeiras semanas, están dirixidas a empresas industriais de calquera tamaño cun centro de traballo permanente na Comunidade que desenvolvan un proxecto individual ou en colaboración cunha ou varias empresas ou cun ou varios centros de coñecemento. Apoíaranse tanto proxectos de I+D como de innovación en materia de procesos de organización e a intensidade de axuda oscilará entre o 15 e o 80% segundo o tipo de proxecto e empresa.

Esta nova edición pretende adaptarse mellor ás necesidades do tecido industrial galego e inclúe como principais novidades o aumento das contías dos proxectos que poderán ser de entre 2 e 30M€; fomenta a colaboración efectiva tanto entre empresas grandes con pemes como entre empresas e organismos de investigación; e inclúense nos criterios de valoración a consonancia co Pacto verde. Os proxectos terán unha duración mínima de tres anualidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Fábrica Intelixente e Sostible enmárcase na aposta da Xunta por impulsar un novo modelo industrial en Galicia baseado na innovación e alíñase tanto coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia como coa Axenda Industria 4.0. Desde a súa posta en marcha en 2016, xa se concederon preto de 52M€ a 15 proxectos de 26 empresas e 4 centros tecnolóxicos que mobilizaron 218M€ en sectores como a automoción e as TIC, pero tamén o naval, o alimentario, o forestal e a lousa.

Proxectos de investigación sobre a covid-19

O Consello tamén aprobou unha nova orde de axudas para continuar na loita contra a covid-19 por importe de 3M€ que se destinarán a financiar integramente proxectos de investigación sobre a enfermidade para o desenvolvemento de fármacos e vacinas eficaces. Esta liña pretende recuperar e apoiar desde Galicia aqueles proxectos que se presentaron á convocatoria do Instituto de Salud Carlos III (ISCIII) e que, a pesar de conseguir unha avaliación positiva, non obtiveron asignación de fondos. Prevese apoiar preto dunha vintena de proxectos científicos excelentes galegos que se mediron con máis de 1400 expresións de interese na convocatoria do ISCIII. Preténdese mellorar o tratamento da enfermidade, o seu diagnóstico e manexo clínico, así como contribuír ao deseño, desenvolvemento e implantación de medidas de saúde pública para responder de xeito eficaz á pandemia.

Na selección dos proxectos terase en conta a súa excelencia científico técnica, a súa implementación e o seu impacto. A convocatoria, que se prevé publicar nas vindeiras semanas, contempla pagamentos anticipados ata o 100% e non precisará a presentación de garantías.

As axudas enmárcanse nas medidas impulsadas desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gaii), para dar resposta á crise sanitaria e que se materializou no apoio de oito solucións innovadoras promovidas por pemes e universidades galegas transferibles ao sector da saúde, da industria e do comercio; na nova aceleradora de pemes innovadoras especializada na comercialización de solucións fronte á covid-19 que se pon en marcha esta semana con 20 empresas seleccionadas; ou a colaboración co primeiro hackaton virtual en xuño para crear solucións innovadoras que axuden ao tecido empresarial galego a adaptarse á nova realidade.

Coas dúas liñas aprobadas hoxe, a Xunta segue avanzando no Plan de reactivación económica reforzando a súa aposta pola I+D+i e por un novo modelo industrial como fórmulas para recuperar a actividade das nosas pemes e organismos de coñecemento, fixar tecido industrial, gañar competitividade e crear postos de traballo de calidade. Os proxectos que se apoien nestas convocatorias permitirán, ademais, facer de Galicia un lugar atractivo para que os investidores aposten pola Comunidade.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DÁ CONTINUIDADE AO PROGRAMA DE ACOLLEMENTO DE MENORES EN FAMILIA EXTENSA DE ALDEAS INFANTILES CUN NOVO CONVENIO POR 420.000 EUROS

- *Esta iniciativa permite atender a 130 nenas, nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo*
- *A Administración autonómica tamén achega outros 105.000 euros para complementar programas de atención á infancia de Aldeas Infantiles con cargo ao reparto de fondos do 0,7% do IRPF*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao novo convenio de colaboración con Aldeas Infantiles SOS Galicia para dar continuidade ao programa de apoio ao acollemento en familia extensa, que neste ano 2020 contará cun orzamento de 420.000 euros. Desta contía, a Administración autonómica achega 173.000 euros e o resto —247.000 euros— corren a cargo da propia entidade.

A través deste programa poderanse atender 130 nenas, nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo que son acollidos por membros da súa propia familia, aos que se lles dá unha atención adaptada ás necesidades de cada caso. Con todos estes fogares realízanse labores de orientación en coidado dos menores, intervención psicosocial e actuacións de mediación nas relacións familiares cando é preciso.

Tamén se desenvolven sesións formativas, que son obrigatorias como paso previo ao inicio de calquera acollemento, co fin de achegar a información e os coñecementos necesarios sobre o proceso. O obxectivo é dotar ás familias das ferramentas necesarias para que poidan cubrir as necesidades materiais, afectivas e asistenciais dos menores acollidos.

O acollemento familiar, en especial cando se realiza en familia extensa, é unha modalidade de protección á infancia prioritaria para o Goberno galego, xa que permite que unha familia se faga cargo temporalmente das nenas e nenos cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas. De feito, dos 2055 menores tutelados ou en garda pola Xunta, a metade —un total de 1052— está en acollemento familiar. E dentro destes, 713 menores están en familia extensa, o que supón o 68% do total dos acollementos.

Neste eido, a colaboración da Xunta con Aldeas Infantiles é fundamental desde que esta comezou en 2010 na provincia de Pontevedra e que se fixo extensible a toda a Comunidade Autónoma no ano 2013. Desde ese momento, o programa creceu considerablemente xa que en 2013 apoiaba a 16 menores e este ano chegará a unha poboación oito veces maior ata acadar os 130 menores.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais do convenio de colaboración autorizado hoxe, a Administración autonómica tamén achega a Aldeas Infantiles SOS Galicia outros 105.000 euros con cargo ao reparto dos fondos do 0,7% do IRPF para complementar programas de atención á infancia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA ESTUDARÁ OS CUSTOS DE PRODUCCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS LÁCTEAS E CREARÁ A MARCA “LEITE DE PASTOREO DE GALICIA”

- *O Goberno galego prorroga e amplía a colaboración coa Fundación Juana de Vega para impulsar a Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo, na que se enmarcan estas dúas medidas que vai impulsar a Administración autonómica*
- *A Consellería do Medio Rural vai manter en vindeiras datas xuntanzas cos axentes do sector lácteo para consensuar estes traballos*
- *Esta iniciativa forma parte das estratexias sectoriais desenvolvidas dentro do Plan de Reactivación e Dinamización impulsado por Medio Rural*

A Xunta levará a cabo un estudo dos custos de produción das explotacións lácteas galegas e creará a marca “Leite de Pastoreo de Galicia”. Ambas iniciativas enmárcanse na Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego que impulsa a Consellería do Medio Rural en colaboración co sector e que coordina, nos seus aspectos técnicos, a Fundación Juana de Vega. Neste sentido, Medio Rural manterá en vindeiras datas xuntanzas cos axentes do sector lácteo para consensuar estas medidas.

Precisamente para implementar estes traballos, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura, por parte da Consellería do Medio Rural, dunha addenda de modificación e prórroga do convenio de colaboración coa devandita fundación, co fin de desenvolver esa Estratexia. O acordo inicial asinouuse con data de 1 de agosto de 2019 para a coordinación, organización e funcionamento dos grupos de traballo sobre o sector lácteo creados pola Consellería con esta finalidade.

Agora modifícase e prorrógase o convenio, co obxecto de facer un estudo de custos de produción das explotacións leiteiras de Galicia. Así, considérase que é preciso dispoñer dun sistema de información rigoroso e representativo deses custos, atendendo aos diferentes estratos de tamaño das granxas.

Esta necesidade veuse reforzada pola entrada en vigor do Real Decreto estatal que establece que o prezo pactado entre o produtor e o seu primeiro comprador debe cubrir os custos de produción. Estes custos deber ser obxectivos, fixados con independencia das partes e que teñan como referencia datos de consulta pública, polo que se fai preciso devandito estudo.

Leite de pastoreo

Outra necesidade detectada na Estratexia é a de desenvolver unha normativa reguladora para as novas marcas de calidade, como o leite de pastoreo. Trátase de unificar criterios, evitar crear confusión ao consumidor e a consecuente perda de credibilidade, creando para iso a marca específica “Leite de Pastoreo de Galicia”. Procúrase ademais poñer en valor aqueles aspectos medioambientais e de benestar animal que van máis alá do cumprimento das obrigas legais, axudando a valorizar o leite de Galicia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Atendendo a estas necesidades, modifícase e prorrógase o convenio, de forma que se amplía a súa vixencia durante o que resta de 2020 e ao longo do 2021, ata o 31 de decembro do vindeiro ano. Ademais, increméntase a súa dotación económica, que pasa da inicial de 120.000 euros ata os 195.000 euros.

A Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego enmárcase no desenvolvemento das estratexias sectoriais dentro do Plan de Reactivación e Dinamización impulsado por Medio Rural. Esta planificación busca mellorar o posicionamento competitivo dos principais eidos produtivos do agro galego (ademais do lácteo, desenvolveranse estratexias específicas para o viño ou a carne).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

GALICIA INICIARÁ UNHA EXPERIENCIA PILOTO NO MES DE AGOSTO A TRAVÉS DA APLICACIÓN MÓBIL 'PASSCOVID' PARA QUE OS CIDADÁNS POIDAN ACCEDER A TODA A INFORMACIÓN SOBRE A PANDEMIA

- *Esta aplicación podería implementarse no mes de setembro despois de ser testada en agosto nun grupo pechado de persoas e de ser presentada ao Goberno central*
- *Sería completamente voluntaria e mantería a privacidade dos usuarios, que poderán ser tanto residentes en Galicia como viaxeiros*
- *Esta aplicación permitirá identificar o nivel de risco transmisor do usuario fronte á covid-19*
- *A persoa que descargue a app poderá optar por identificarse, empregando a Chave 365; ou escoller un perfil anónimo*

Galicia iniciará unha experiencia piloto nun grupo pechado de persoas no mes de agosto a través da nova aplicación para o móbil 'PassCOVID'. En base aos datos do Servizo Galego de Saúde, esta aplicación permitirá identificar o nivel de risco transmisor da persoa usuaria fronte á covid-19 e facilitar a xeración de alertas aos contactos indicados por esta no caso de dar positivo nunha proba PCR.

Logo de testar este novo sistema en agosto, en setembro valorarase a posibilidade de implementala para que tanto os residentes en Galicia como os viaxeiros poidan descargala nos seus dispositivos móbiles. No caso de que se chegase a implementar, PassCOVID será sometida a consideración do Consello interterritorial de Saúde.

Este sistema será completamente voluntario. Así, a persoa que descargue a aplicación poderá optar por identificarse empregando o sistema de identificación seguro Chave 365, o que lle permitirá acceder a todas as funcionalidades de PassCOVID; ou escoller un perfil anónimo, en cuxo caso a aplicación lle proporcionará información xeral e consellos sobre a situación da pandemia.

Deste xeito, a información será personalizada, no caso dos perfís identificados; e local, no caso dos usuarios que activen voluntariamente a xeolocalización. Isto último permitiralles recibir alertas sanitarias da zona de Galicia na que se atopen.

PassCOVID tamén servirá de canle de comunicación entre o sistema público de saúde e os cidadáns con información sobre novidades e evolución da pandemia; zonas de risco; datos; indicadores xerais e por concello; recursos e servizos dispoñibles; e recomendacións e información sobre protocolos de protección e seguridade aplicables en cada momento e lugar.

Esta nova aplicación, no caso de implementarse, podería contar con novas funcionalidades en seguintes versións, como a coordinación coa aplicación estatal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

RadarCOVID. Esta última identifica contactos detectados automaticamente pola app, mediante a aplicación de tecnoloxías de proximidade.

Tamén, no caso dos establecementos de restauración, estase a traballar para que o cidadán poida rexistrar na aplicación PassCOVID o establecemento no que estivo a través dun código QR. Así, no caso de que a Administración identificase algún positivo ou contaxio no local, activaría unha alarma aos usuarios da aplicación.

A previsión é publicar a orde na que se determinará o marco regulatorio do sistema PassCOVID na próxima semana.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA ACTUALIZA AS SÚAS GUÍAS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA SIMPLIFICAR E AMPLIAR A ATENCIÓN Á CIDADANÍA

- *Fai máis sinxelo o acceso á “carpeta cidadá” e incorpora a posibilidade, logo do consentimento da persoa interesada, de desenvolver servizos proactivos que se adianten ás demandas e necesidades da cidadanía*
- *Fixa os novos dereitos en materia de protección de datos, como o de portabilidade, limitación do tratamento e dereito ao esquecemento*
- *Regula tamén nas guías a figura do delegado de Protección de Datos e a obrigatoriedade do uso de medios electrónicos para autónomos e estudantado universitario*

A Xunta vén de actualizar as súas tres guías de habilitación electrónica de procedementos administrativos do sector público autonómico co fin de mellorar, simplificar e ampliar a atención á cidadanía que se presta a través destas canles.

A Administración autonómica conta con tres guías, aprobadas en 2013: a guía xeral para a habilitación electrónica, que recolle o marco normativo e a descrición do proceso de incorporación na sede electrónica dos procesos administrativos; a guía de textos normalizados, que recolle os textos que logo se incorporan na redacción das disposicións administrativas; e a guía de formularios normalizados, que recolle as pautas para o deseño e normalización dos formularios que se empregan.

Desde a súa aprobación, as guías foron actualizadas en dúas ocasións: 2014 e 2016. Agora procédese a unha terceira actualización, especialmente tendo en conta que entraron en vigor dúas leis que marcan novas pautas neste ámbito: a Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a Lei 4/2019, do 17 de xullo de administración dixital de Galicia.

Entre outras novidades, amplíase a denominación da “carpeta do cidadán”, que pasa a denominarse “carpeta cidadá da Xunta de Galicia”. Facilitará, de forma máis sinxela, o acceso da cidadanía e ás empresas á información e documentación. Ademais, a información dispoñible na carpeta cidadá permitirá á administración autonómica, logo do consentimento da persoa interesada, promover o desenvolvemento dos denominados “servizos proactivos”, que se adianten ás demandas e necesidades da propia cidadanía, achegando información relativa os seus posibles intereses na relación coa administración ou a redución de trámites e procedementos.

Ademais, tamén se recollen nas guías os dereitos establecidos na normativa vixente. Mantéñense e afóndase nos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición e regúlanse nas guías outros como o de portabilidade (o cidadán ten dereitos que os seus datos sexan transferidos, a petición súa, a outra empresa); limitación do tratamento



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

(pode solicitarse que os datos sexan usados só para determinadas finalidades); e o dereito ao esquecemento (pódese borrar información do pasado).

Na guía tamén se incorporan outras novidades que xa se estaban aplicando de forma práctica debido aos cambios legislativos, pero que non estaban recollidas como tal nas guías. En concreto, recóllese a obrigatoriedade do estudantado universitario e dos traballadores e traballadoras autónomas de relacionarse por medios electrónicos para realizar calquera trámite, tal e como se fixa na Lei 4/2019, de administración dixital de Galicia.

Tamén se incorpora nas guías a figura do delegado de Protección de Datos en cada consellería, como interlocutor ante a Axencia Española de Protección de Datos, cuxa regulación xa estaba previsto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos.

Ademais de todas estas novidades, as guías incorporan outras modificacións que axudan a simplificar as relacións coa cidadanía. Por exemplo, establecen a recomendación de regular de xeito conxuntos as bases e convocatorias de subvencións para simplificar a cumprimentación de trámites e a comprensión por parte da cidadanía; e tamén establece que as disposicións administrativas deberán recoller un código de procedemento para que sexan máis facilmente localizables na sede electrónica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

OS DATOS DO INFORME PISA 2018 SITÚAN O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO COMO O DE MAIOR RENDIMENTO ACADÉMICO PROMEDIO DE ESPAÑA

- *Ademais continúa a ser o máis equitativo de todos os países e comunidades autónomas con resultados similares*
- *Así se desprende dos resultados xerais obtidos polo alumnado galego, unha vez se coñeceron os correspondentes á competencia lectora*
- *As puntuacións do alumnado galego rexistran un crecemento continuo na competencia matemática, unha estabilidade no rendemento alto na científica, e mantéñense en bos rexistros na lectora, fronte ao descenso das puntuacións obtidas no conxunto do Estado e dos países da OCDE*

Os resultados do alumnado galego no Informe PISA 2018, unha vez coñecidos os correspondentes á competencia lectora, sitúan o sistema educativo galego como o de maior rendemento académico promedio de España. Así se desprende do informe analizado hoxe ao respecto no Consello da Xunta, no que tamén se indica que o ensino da nosa Comunidade continúa a ser o máis equitativo de todos os países e comunidades autónomas con resultados similares.

Considerando os resultados globais nas tres competencias (Ciencias, Lectura e Matemáticas) o rendemento promedio en PISA 2018 sitúa a Galicia no primeiro lugar de todas as comunidades autónomas, superando o rendemento promedio de España por 21 puntos, o da Unión Europea por 10 puntos e o da OCDE por 13 puntos, e ao nivel de países como Irlanda, Reino Unido, Eslovenia, Nova Zelandia, Suecia, Países Baixos, Dinamarca, Alemaña, Bélxica, Australia, Suíza e Noruega. En PISA 2018 Galicia está 27 puntos en ciencias e 17 en lectura e matemáticas por riba da media de España, e 21 puntos en ciencias, 7 en lectura e 9 en matemáticas por riba da media da OCDE.

As puntuacións que acadaron as rapazas e rapaces participantes no estudo confirman, ademais, a mellora progresiva do ensino en Galicia ao longo dunha década, fronte á baixada nas puntuacións da media do conxunto de España e da OCDE.

De feito, con 510 puntos Galicia é hoxe a primeira Comunidade Autónoma de España nos resultados da competencia científica, por riba da media de España (483 puntos) e da OCDE (489); e ao nivel de países cunha forte marca en tecnoloxía como Alemaña, Australia, Países Baixos e Corea do Sur. Isto supón un crecemento de 4 puntos con respecto a 2009 fronte á baixada da media de España (que nese mesmo período baixa 5 puntos) e da OCDE (que baixa 12 puntos).

No caso da competencia matemática Galicia obtivo os mellores resultados da súa historia en PISA 2018, con 498 puntos, por riba da media de España (481 puntos) e da OCDE (489), e ao nivel de países como Alemaña, Australia e Portugal. Deste xeito



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

médrese 9 puntos con respecto a 2009 (489) e escálase cinco postos entre as Comunidades Autónomas, ao pasar do 10º ao 5º.

Na competencia lectora, cuxos resultados acaban de coñecerse, Galicia sitúase, con 494 puntos, como terceira Comunidade Autónoma detrás de Castela e León (497) e Asturias (495). Ademais, o sistema educativo galego está 17 puntos por riba do promedio de España, 7 puntos por enriba do da OCDE e 5 puntos por enriba do da Unión Europea, ao nivel de países como Noruega, Alemaña, Eslovenia, Bélxica, Francia, Portugal e a República Checa. Ademais, por niveis de rendemento Galicia é a segunda Comunidade mellor situada, só por detrás de Castela e León. Máis do 75% do alumnado está nos niveis intermedios de rendemento e case outro 7% está nos superiores.

Con respecto ao 2009, os resultados nesta competencia melloran en 8 puntos, e escálase sete postos no ránking, ao pasar do 10 ao 3º. Con respecto a PISA 2015 pérdense 15 puntos pero sóbese un posto no ránking de CCAA.

Equidade

Os resultados da competencia lectora de PISA 2018 confirman tamén que o sistema educativo galego é o máis equitativo de entre os dos países e comunidades autónomas cuxa puntuación media en rendemento en lectura non é significativamente diferente da de Galicia.

Neste sentido, Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma con menor diferenza nos resultados de estudantes favorecidos e desfavorecidos desde o punto de vista social e económico, cunha diferenza media de 60 puntos fronte aos 74 da media de España, os 88 da media da OCDE, os 93 de media dos países da Unión Europea, ou aos máis de 100 puntos de diferenza de países como Suíza, Francia, Bélxica, Alemaña ou os máis de 120 puntos de Luxemburgo.

Ademais, Galicia é a terceira comunidade con maior porcentaxe de estudantes desfavorecidos (un 16%) cuxo rendemento acada o cuarto máis alto de lectura, o que se coñece como resiliencia académica. En lectura, no referido ás diferenzas nos resultados pola titularidade dos centros educativos (público/privada), non é significativa, e é a cuarta menor diferenza de España.